

## Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo

Que Mondoñedo era unha cidade culturalmente sobranceira antes de Cunqueiro vir ao mundo é algo ben sabido. Mais tamén o é que dende que este xenial escritor andou as súas rúas nada foi para a vella capital do Reino de Galicia como ata entón fora, ata o punto de que hoxe non se poden percorrer cabalmente as paisaxes mindonienses sen o guieiro do mundo literario que este soñou para elas. Falar de Mondoñedo é, en moitos sentidos, falar dese extraordinario señor das palabras que se chamou Álvaro Cunqueiro e que, dalgunha maneira, acabou por refundar a xeografía dunha terra sempre pródiga en artistas.

Álvaro Patricio Cunqueiro Mora, que ese era o nome completo do escritor, presumía de pertencer a unha familia secularmente mindoniense. A súa mente fabuladora levábao mesmo a datar o seu avoengo, pois afirmaba que por parte de nai a súa xente habitaba a vella Vallibria dende o 1232, por iso, dicía, todo o peso desas xeracións cargaba sobre del, porque “non se pode vivir impunemente nun val cun certo grao de humidade, cun certo grao de verdor, con ruídos de augas e paxaros sen que isto pese na alma dos que forman esa tribo”.

Non é estraño, xa que logo, que cando Cunqueiro veu luz o 22 de decembro de 1911 no **número 1 da Rúa Méndez Núñez** a súa estrela o predispuxese aos prodixios da verba que logo foron. O faiado daquela súa casa patrucial, por certo, sería o epicentro xeoliterario que, na súa mocidade, serviu de base de operacións aos afoutos mozos da Oficina Lírica do Leste Galego. Aquel bohemio faio ten sido descrito polo propio autor en estampa incomparable:

No noso faio, terceiro piso da miña casa patrucial, temos estabrecida a «Oficiña lírica do Este Galego»: unha brúxula, unha luz verde, un anaco de espello, un pasquín de propaganda comunista escrito en chinés —que lle mandou ao Iglesia Alvariño un rapaz da súa aldea camareiro en Shangai— un cuadro de Chiricó i-un galgo ruso disecado con unha perna de aramio. I-unha craraboia maravilhosa, cáseque abismática. Un dibuxante, formidável rapaz: B. Vidarte. O Iglesia Alvariño, teólogo, zoqueiro de oficio, que linda ao Norde por todas partes. I-eu.

Lindeira con aquela vivenda da Rúa Méndez Núñez, na intersección coa do Bispo Solís, e perfectamente visible dende o surreal faiado, atópase a Fonte Vella, hoxe **Fonte Vella Álvaro Cunqueiro**. Mandada construír en 1548 polo prelado Diego de Soto, ten no seu frontispicio un grande arco franqueado polo escudos bispais e, sobre deles, un pequeno remate no que ficaron esculpidas as armas imperiais de Carlos V. A esta fonte, á que se accede descendendo por unha escalinata semicircular, viñan beber os parroquianos dos arredores da cidade, que nos días de feira levaban alí

a vender feixes de herba seca e palla. Sentaban nos peitorís e parolaban falas ás Cunqueiro poñía oído dende a súa casa, na que “se oía toda a noite o canto da fonte”.

Cruzando a Rúa Bispo Solís, a apenas vinte pasos da vivenda na que Cunqueiro nacera, está o pazo episcopal, anexo á **Catedral**. Nos baixos do pazo do mitrado tiña o pai do escritor a súa farmacia, onde o pequeno Cunqueiro pasaba horas a escoitar mil e unha historias curiosas que contaban os clientes de seu pai e tamén numerosos episodios de caza, pois era moita a afección que a esta lle profesaba seu pai e algúns amigos que alí o visitaban para departir.

Pola catedral facía incursións a miúdo Cunqueiro con seus irmáns, pois gustaban do grande órgano que nela tocaba o mestre Mariano Casares, e tamén do Michel matrícula Coruña 14 ao que o chofer do bispo lles deixaba subir para argallar.

Entre idas e vindas á catedral e ao pazo bispal pasaron os días da primeira infancia de Cunqueiro. Longas xornadas de xogos e brinquedos só interrompidas pola asistencia á **Escola de Obreiros Católicos**, rexida por un padroado do que seu pai era presidente. Naquela escola humilde da Rúa Pacheco o futuro xenio das letras asistiu a clases cos fillos dos artesáns e traballadores da redonda, cos que trabou algunhas amizades que durarían de por vida.

Xa mozo, na vida de Cunqueiro pasaron a ter grande importancia outros dous lugares emblemáticos da xeografía mindoniense: a barbería de Manuel Ledo Bermúdez o Pallarego, tonsurador de barbas, músico rondallesco e xeneroso mecenas literario e mais o Seminario da cidade.

Na **barbería do Pallarego**, preto do remate da Rúa Bispo Solís e uns metros á dereita da Fonte Vella, pasou Cunqueiro horas e horas de animada conversa con todos aqueles que por aquel tempo en Mondoñedo compartían angueiras literarias, dende os veteranos, como Eduardo Lence Santar, pasando polos xa non tan rapaces, como Xosé Trapero Pardo ou Xosé Crecente Vega, ata chegar aos coetáneos do escritor, entre os que se atopaban amigos artistas como o debuxante Bernardino Vidarte, o escritor Xosé Díaz Jácome ou os tamén literatos Xosé María Díaz Castro, Raimundo Aguiar ou Xosé María de la Fuente. Aquela barbería, verdadeira sede social e faladoiro dos artistas mindonienses, era de obrigada visita tamén para os amigos que, dende outras partes de Galicia, visitaban a Cunqueiro e os seus compañeiros, o que explica que por aquela atípica aula de saberes varios pasasen tamén Ánxel Fole, Xosé Filgueira Valverde, Francisco Leal Insua, Dionisio Gamallo Fierros e tantos outros compañeiros que por Mondoñedo se deixaban caer.

Cunqueiro recordaba así os días na barbería do Pallarego:

Foi o meu gran mestre. Con el aprendín filosofía, música, literatura, xeografía. Aquí viña eu todos os días lerlles o periódico a todos os que estaban, inventando a metade das noticias mentres o Pallarego as glosaba. Aquí escribín as miñas obras de teatro, que versaban sobre os acontecementos do día anterior na perruquería do Pallarego e aquí as representabamos. Aquí formabamos as nosas rondallas con letras que facía Jácome.

Foi o Pallarego quen axudaría a custear os primeiros libros de versos de Cunqueiro (*Mar ao norde*, 1932 e *Poemas do si e non*, 1933) e quen implicou ao escritor noutras moitas empresas daquela hora, como a celebración das festas dos Maíos dos primeiros anos 30, para as que Cunqueiro e Díaz Jácome compuxeron letras que logo

foron cantadas pola rondalla que dirixía indefectiblemente o barbeiro violinista, Manuel Ledo Bermúdez o Pallarego.

O **Seminario de Santa Catarina** foi tamén un lugar importante na vida de Cunqueiro. A antiga edificación, construída en 1755 polo bispo Francisco Losada y Quiroga e ampliada logo cunha segunda altura polo tamén bispo José María Cos y Macho en 1889, acolleu nas súas aulas a camaradas seus de letras, como Aquilino Iglesia Alvariño, ao que o autor de *Escola de menciñeiros* ía saudar a miúdo cando os escolantes daquel centro saían de paseo polos arredores. Outras veces, arrimaba o oído ás ventas abertas das salas do Seminario para oír as leccións do mestre latinista Francisco Fanego Losada, a quen Cunqueiro gardou sempre recoñecemento:

Un gran latinista e íntimo amigo meu e dos meus irmáns. Tíñanos un gran cariño. Quería que estudiase latín con el. A súa cátedra estaba nos baixos do Seminario, xusto onde nos días de mercado collían os feixes de palla e as aguilladas. Pasabamos por alí e pronto se ouvía a voz de don Francisco recitando uns versos en latín. Todo esto, moi clásico e virxiliano, misturado coa fala en galego. Don Francisco era colosal.

Cómpre lembrar, amais, que sería xustamente no salón de actos do Seminario onde Cunqueiro daría lectura en 1961 ao seu discurso de entrada na Real Academia Galega, sendo esta a primeira vez na historia desta institución en que tiña lugar unha sesión da corporación fóra da súa sede coruñesa.

Así foron os anos de infancia e mocidade de Cunqueiro, percorrendo aquel Mondoñedo rico en augas, en pan e en latín, como o describiría logo no índice onomástico do seu *Merlín e familia*. Mais coa chegada da Guerra Civil deixou as súas prazas e recantos para ir primeiro a Ortigueira e logo a San Sebastián e Madrid, onde permaneceu ata o seu novo regreso ao berce mindoniense, en 1947.

Nesa súa nova estadía pola cunquiña deleitosa, como a denominaba o seu admirado conterráneo Leiras Pulpeiro, Cunqueiro vai vivir nunha nova vivenda, sita no **número 13 da Praza da Catedral** (daquela Praza de España), fronte por fronte da propia Catedral, cunha entrada polos fermosos cantóns porticados da praza e unha traseira na que ollaba nun hortello verdegante as camelias e laranxeiras en solpores dourados. Mais o que lle prestaba de verdade ao poeta que Cunqueiro levaba dentro era andar uns pasos e, na cabeceira da Praza da Catedral, xunto ao monólito ao Mariscal Pero Pardo de Cela que lembra a súa decapitación o 17 de decembro de 1483, contemplar en viso o **Bosque de Silva**, nas ladeiras da cidade nas que se estende a estrada que leva a Maariz. Sentado alí, xustamente onde agora se ergue unha estatúa súa realizada por Juan Puchades en 1991, confesaba:

sei a hora en que, se miro pró bosque, van estar as abidueiras coas súas primeiras follas, facendo iso que Noriega Varela chamaba "unha ondeante manteliña verde", e sei polas San Lucas, en outono, cando é a primeira vez que vai haber follas amarelas e as vai traer o vento polas rúas da cidade...

As horas de contemplación do arboredo de Silva alternábaas Cunqueiro con longos paseos polo **Barrio dos Muíños**, polo que tiña especial predilección, pois foi sempre lugar rico en talleres de olería e o escritor deveceu decote pola ansia de non ter chegado a ser ceramista:

Imos aos Muíños. Neste barrio hai varios talleres de olería. Esta foi sempre a grande paixón da miña vida. Eu non son outra cousa que un ceramista fracasado. Viña todos os días ao taller de Vendaval e, a cambio de lle ler o periódico, deixábame probar co barro. Pero, desgraciadamente, nunca me saíu nin unha mala cunca..

Alí, xunto á fonte dos Pelamios, nesa sorte de Venecia mindoniense cruzada por mil regatos vadeados en pontellas, parábase a beber e falar coa paisanaxe, por veces mesmo en compañía de vellos camaradas, como o seu fiel amigo Díaz Jácome, quen nacera naquel lugar e con quen gustaba de se achegar ata a célebre **Ponte do Pasatempo**, onde a lenda quere que foi entretido o indulto que había salvar o Mariscal Pardo de Cela:

Esta é a Ponte do Pasatempo. Aquí chegou e os soldados detiveron, entreténdoa, a filla do Mariscal Pardo de Cela, o da cabeza cortada. Aquí estivo acompañada co seu séquito ata o día seguinte, no que as campás da Catedral lle fixeron presentir a fin do seu pai.

A primeiros dos anos 60 Cunqueiro marcha a Vigo. Naquela cidade acabará por dirixir o xornal decano da prensa española, *Faro de Vigo*, ao fronte do cal permanece entre 1965 e 1970. Mais o seu vencello coa cidade atlántica continuará ata o seu pasamento o 28 de febreiro de 1980, triste causa para o seu definitivo regreso a Mondoñedo.

No vello **cemiterio municipal**, ben pretiño da súa entrada sur, repousan os seus restos nunha tumba na que ficaron gravadas en mármore unhas palabras que pronunciou no discurso de recepción do Pedrón de Ouro uns meses antes de finar: eiquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveiras máis...

Cunqueiro deixou dito que "dunha maneira ou doutra, nos meus libros está un pouco Mondoñedo". Non importaba que fabulosos mundos idease, "todas as cidades pequenas das que falo son un pouco a miña cidade por moi diferentes que sexan. Tanto me dá que sexa unha cidade grega a onde chega Ulises ou unha cidade da Bretaña, onde chega o sochantre coas ánimas; todas as cidades son un pouco a miña cidade". E a cidade e as súas xentes sabían desa súa comuñón telúrica e correspondíanlle facéndoo Fillo Predilecto, concedéndolle a Medalla de Ouro da cidade, convidándoo como pregoeiro das súas afamadas Feiras e Festas das San Lucas, nomeándoo Cronista Oficial.

Dunha autobiografía que Xosé Filgueira Valverde lle solicitou para unha antoloxía de poesía galega que estaba a preparar pouco antes do estourido da Guerra Civil son estas palabras, expresión inequívoca de fonda religación cunha Terra matriz á que o nome do escritor quedou xa por sempre anoado:

Nascín en Mondoñedo o 22 do Nadal de 1911 (...) Góstame a soedade; góstanme os longos paseos por ista docísima ribeira; a estrada do Carmen pólo inverno, que é chea de sol; a estrada de San Lázaro póla primavera, estrada de riquísimo áer; pólo vrán â beira dos ríos, pólas aceas de Xacinto i- a ría da Cega; no outono a Alameda dos Remedios é unha groria.


Viaxar a Mondoñedo da man de Cunqueiro é entrar noutra dimensión na que Merlín e Sinbad e Ulises e tantos outros son presentes e o seu espírito pode percibirse en cada un deses espazos nos que a maxia da palabra de quen os fixo revivir nas súas

obras foi pousando. Visitar tales lugares ha ser a mellor maneira de honrar a memoria dese xenial e incomparable escritor que Álvaro Cunqueiro foi, para maior gloria dos mindonienses, das galegas e galegos e de todos os amantes da máis grande literatura.

Este roteiro foi elaborado en 2010 polo escritor Armando Requeixo, ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura e Turismo e a Asociación de Escritores en Lingua Galega.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**XACOBEO 2010  
Galicia**